

Anexo que se cita:

NOMBRE / O RAZÓN SOCIAL	LOCALIDAD	NIF	ENCUESTA Y PERÍODO
COMPAÑÍA IBÉRICA DE GRANITOS S.A.	O PORRIÑO	A36019842	ÍNDICES DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL JUNIO 2013
CARSON S.A.	CAMBADOS	A36007235	INDICES DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL JUNIO 2013
FAMECA S.L.	CALDAS DE REIS	B36015360	INDICES DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL JUNIO 2013
CARSON S.A.	CAMBADOS	A36007235	INDICES DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL JULIO 2013
FAMECA S.L.	CALDAS DE REIS	B36015360	INDICES DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL JULIO 2013
CARSON S.A.	CAMBADOS	A36007235	INDICES DE PRECIOS INDUSTRIALES JULIO 2013
CARSON S.A.	CAMBADOS	A36007235	INDICES DE PRECIOS INDUSTRIALES AGOSTO 2013
COMPAÑÍA IBÉRICA DE GRANITOS S.A.	O PORRIÑO	A36019842	INDICES DE CIFRA DE NEGOCIOS INDICE DE ENTRADA DE PEDIDOS MAYO 2013
COMPAÑÍA IBÉRICA DE GRANITOS S.A.	O PORRIÑO	A36019842	INDICES DE CIFRA DE NEGOCIOS. INDICE DE ENTRADA DE PEDIDOS JUNIO 2013
CARSON S.A.	CAMBADOS	A36007235	INDICE DE CIFRA DE NEGOCIOS. INDICES DE ENTRADA DE PEDIDOS JUNIO 2013
FAMECA S.L.	CALDAS DE REIS	B36015360	INDICE DE CIFRA DE NEGOCIOS. INDICE DE ENTRADA DE PEDIDOS JUNIO 2013
REPRESAS ROMERO, JOSÉ MANUEL	SALCEDA DE CASELAS	35546589C	INDICES DE COMERCIO AL POR MENOR JUNIO 2013
REPRESAS ROMERO, JOSÉ MANUEL	SALCEDA DE CASELAS	35546589C	INDICES DE COMERCIO AL POR MENOR JULIO 2013
ESTASEMANA VIGO, S.L.	VIGO	B36963494	INDICES DE COMERCIO AL POR MENOR JULIO 2013

En A Coruña a 23 de setembro de 2013. — El Delegado Provincial, P. A., Margarita Rivas Arjona.

2013008442

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Servizo de Relacións Laborais

CONVENIO O ACORDO ISOLUX CORSÁN SERVICIOS, S.A.

Código de Convenio número 36002191011992

Visto o Acordo da Comisión Paritaria polo que se aproba o texto do convenio colectivo para os traballadores do servizo de mantemento do Hospital do Meixoeiro, adscritos á empresa Isolux Corsan Servicios S.A., suscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa, e da parte social, polos delegados de persoal o 30 de xuño de 2013.

Primeiro. — Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 5 de agosto de 2013.

Segundo. — Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuizo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.—Disposición adicional segunda do Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo.

Esta xefatura territorial.

ACORDA

Primeiro.—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.—Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

**CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVICIO
DE MANTEMENTO DO HOSPITAL DO MEIXOEIRO DE VIGO****ARTIGO 1.—ÁMBITO FUNCIONAL**

O presente Convenio afectará por igual a tódalas empresas que poidan resultar adxudicatarias do servizo de mantemento do Hospital do Meixoeiro e a tódolos traballadores de dito servizo, que neste momento figuran adscritos á Empresa contratista Isoux Corsán Servizos S.A.

Ante a Situación de posta en servizo do Novo Hospital, e facendo expresa manifestación da obriga de subrogación da plantilla de Mantemento do Hospital Mexoeiro de Vigo na súa totalidade; serano no seu caso por parte da concesionaria do Novo Hospital para aqueles cuia actividade no Hospital Mexoeiro sexa asumida por esta concesionaria directamente, en cuio caso no existe traslado senon subrogación directa según convenio, no caso de que o seu posto sexa ocupado por persoal propio do sergas procedente do Hospital Xeral existirá dereito a traslado o servizo de mantemento do Novo Hospital nas mesmas condicións as establecidas no proceso de subrogación tendo estes preferencia a ser adscritos o novo centro por orde de antigüidade. Os traballadores do servizo de mantemento do Hospital Mexoeiro de Vigo que non se atopen en ningún dos casos anteriores serán subrogados pola adxudicataria do Servizo de Mantemento do Hospital Mexoeiro, ou polo Sergas en caso de non existir nova licitación.

ARTIGO 2.—ÁMBITO TEMPORAL

A vixencia deste convenio terá unha duración de catro anos, do 1 de xaneiro de 2.013 ó 31 de decembro de 2.017.

Entenderase prorrogado por anos naturais mentres non medie denuncia dalgunha das partes con tres meses de antelación.

ARTIGO 3.—XORNADA DE TRABALLO

A xornada laboral será a mesma que realiza o persoal do Sergas, tanto en cómputo diurno como nocturno.

As quendas de traballo repartiranse en xornadas de 7 horas de mañá, 7 no serán e 10 de noite.

Os traballadores que realicen as funcións de limpeza nocturna da lavandería quedarán equiparados o resto do persoal da plantilla.

ARTIGO 4.—DESCANSOS

O persoal disfrutará de 30 minutos de descanso, computado como tempo efectivo traballo que será de 10 a 11 na quenda da maná, de 18 a 19 na quenda do serán e de 2 a 3 na quenda da noite.

ARTIGO 5.—XORNADA NOCTURNA

Fíxase un plus de nocturnidade en valor hora e tempo, idéntico ó establecido no cadro retributivo do Sergas.

ARTIGO 6.—XORNADA EN DOMINGOS E FESTIVOS

Os traballadores/as que realicen xornada laboral en domingo ou festivo cobrarán o mesmo que o persoal do Sergas e disfrutarán das mesmas vantaxes e festivos que por tal traballo ou concepto puideran corresponderlles.

O día 24 e 31 de Decembro terán os pluses de festivos simples e o 25 de decembro e o 1 de xaneiro como festivos dobres a efectos retributivos como no Sergas.

ARTIGO 7.—ANTIGÜIDADE

O persoal comprendido no presente convenio percibirá aumentos periódicos por ano de servizo, consistentes no abono de trienios de idéntica contía á establecida nos cadros retributivos do Sergas para dito concepto.

ARTIGO 8.—HORAS EXTRA

Con carácter xeral queda prohibida a realización de horas extras, admitíndose soamente en caso de emerxencia ou necesidades do servizo, limitándose a resolución que xenere esta necesidade a un prazo máximo de 15 días. Nestes casos o valor da hora extraordinaria queda fixado en 16 Euros para el periodo de vixencia del Convenio, podendo compensarse con descansos según se establece a continuación:

- Compensación de horas extra executadas de Luns a Venres en turnos de Mañan e Tarde, compensanse con 1 hora e 30 minutos de descanso por cada hora extra traballada.
- Compensación de Horas extra executadas en Turno de Noite, Festivos e fines de semana compensanse con 2 horas de descanso por cada hora extra traballada, ademáis dos pluses de nocturnidade e festividade correspondentes.

ARTIGO 9.—I.T.

O persoal afectado por este Convenio que se atope en situación de I.T. percibirá o 100% do salario no caso de enfermidade laboral ou común e no caso de accidente laboral ou común, dende o primeiro día da baixa.

No caso de baixa por I.T. referido os casos anteriores, as pagas extraordinarias percibiranse completas.

ARTIGO 10.—PAGAS EXTRAORDINARIAS

Todo o persoal incluído no ámbito funcional do presente Convenio Colectivo percibirá as pagas extraordinarias que, segundo o cadro retributivo do Sergas, correspondan en función da súa categoría laboral. Ditas pagas faranse efectivas o 30 de xuño e o 20 de decembro.

ARTIGO 11. – PAGO DAS NÓMINAS

O pago farase efectivo o último día de cada mes, dando un prazo por motivos burocráticos ou de forza maior ata o día 2 do mes seguinte. As nóminas entregaranse como máximo o terceiro día de cada mes.

ARTIGO 12. – SALARIOS

Os traballadores comprendidos no presente Convenio percibirán as mesmas retribucións que poidan corresponder ó persoal propio do Sergas con idéntica categoría laboral, segundo os cadros retributivos de dito Organismo.

ARTIGO 13. – SUBROGACIÓN DO PERSOAL

Ó remate da concesión da contrata de mantemento os traballadores da empresa contratista saínte, pasarán a estar adscritos á nova titular da contrata, ou do Sergas no seu caso, que se subrogará en tódolos dereitos e obrigas da anterior adxudicataria con respecto a tódolos traballadores calquera que sexa a situación na que se encontren e a modalidade do seu contrato de traballo coa única excepción daqueles traballadores que foran incorporados dentro dos catro últimos meses se dita incorporación non se debe a ampliación da contrata ou unha esixencia expresa do cliente.

Nun prazo de 3 días hábiles, a empresa saínte deberá facilitar á entrante a seguinte documentación:

- Certificado do organismo competente de estar o corrente no pago da Seguridade Social.
- Fotocopia das catro últimas nóminas mensuais dos traballadores afectados.
- Fotocopias dos TC1 e TC2 de cotizacións á Seguridade Social dos últimos catro meses.
- Relación do persoal na que se especifique: Nome, apelidos, enderezo, nº afiliación á Seguridade Social, antigüidade, xornada, horario, modalidade da súa contratación e data de disfrute das vacacións.

O empresario saínte estará así mesmo, obrigado a liquidar ó entrante as partes proporcionais dos conceptos retributivos dos traballadores ó obxecto de que estes poidan disfrutar completas as súas vacacións e cobrar integramente as pagas correspondentes, según se establezca en las tablas retributivas publicadas por el Sergas correspondientes al año de cambio de Concesionaria.

O contrato de traballo entre a empresa saínte e os traballadores so se extingue no momento no que se produza a subrogación do mesmo por parte da nova adxudicataria.

A aplicación deste artigo seralle de obrigado cumprimento as partes as que se vincula, empresa cesante, nova adxudicataria e traballador. Sen que desapareza o seu carácter vinculante por efecto de que a empresa adxudicataria do servizo suspenda o mesmo por un período inferior a dous meses.

Ámbalas partes, co fin de garantir a subrogación acolleranse ó artigo 9, parágrafo f, do Convenio Colectivo Provincial de Siderometalúrxia de Pontevedra.

ARTIGO 14. – LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA

En todo o que non estea previsto neste Convenio remítense as partes ó establecido no Estatuto dos Traballadores, Ordenanza Laboral Siderometalúrxica, Convenio Provincial Siderometalúrxico de Pontevedra e normativa propia do Sergas.

ARTIGO 15. – EXCEDENCIAS

Os traballadores cunha antigüidade na empresa de o menos un ano, terán dereito a que lles recoñezan a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un período non inferior a un ano, nin superior a cinco. Este dereito so poderá ser exercitado outra vez polo mesmo traballador cando teñan transcorrido catro anos dende o remate da anterior excedencia.

Os traballadores terán dereito a un período de excedencia, non superior a tres anos, para atender ó coidado de cada fillo, a contar dende a data de nacemento deste. Os sucesivos fillos darán dereito a un

novo período de excedencia, que, no seu caso, pora fin o que viña disfrutando. Cando o pai e a nai traballen, so un deles poderá exercitar este dereito.

Poderán, así mesmo, solicitar o seu paso a situación de excedencia na empresa os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

O traballador excedente terá dereito a reserva do seu posto de traballo no primeiro ano da mesma, este dereito incrementárase progresivamente nun ano dende o 30 de xuño do 2013, ata alcázar un dereito de reserva de praza de 5 anos a partir do 1 de xullo do 2018. A reincorporación a empresa terá que ser solicitada cun preaviso de dous meses.

O non disposto neste artigo, estarase ó disposto na normativa citada no artigo de Lexislación subsidiaria.

ARTIGO 16.—RECOÑECIMENTO MÉDICO

Todo o persoal afectado no presente Convenio, terá dereito a efectuar unha revisión anual a cargo da empresa no primeiro semestre de cada ano.

Os recoñecementos médicos serán de carácter voluntario e consistirán en:

- Audiometría.
- Control de vista.
- Análise de sangue.
- Análise de urina.
- Esperimetría.
- Exploración clínica.
- Específicos: recoñecemento para a prevención de lesións musco-esqueléticas.
- Vacina Hepatite B, antitetánica e gripe.

Por este motivo aboaráselle a todo o persoal da empresa que estea fora de servizo catro horas extras coa correspondente xustificación.

Os resultados de dito recoñecemento médico son confidenciais e serán entregados ó traballador/a nun sobre pechado.

No caso de que en dito recoñecemento se detectara algunha anomalía que tivera posibles consecuencias para o traballador/a sería notificado con urxencia ó interesado/a.

O recoñecemento médico nunca se fará nunha unidade móbil.

ARTIGO 17.—LICENCIAS RETRIBUÍDAS

O traballador, previo aviso e posterior xustificación, terá dereito a permisos retribuídos durante o tempo e os supostos seguintes:

- a) Dezaseis días naturais no caso de matrimonio do traballador.
- b) No caso de nacemento dun fillo se aplicaran los correspondientes permisos de Maternidad y/o Paternidad idénticamente a los que aplique el Sergas en cada momento.
- c) Sete días naturais no suposto de mórte do cónxuxe, fillos, pais e pais políticos.
- d) Tres días naturais no suposto de morte de irmáns, netos, avós, avós políticos, fillos políticos e irmáns políticos. Si o traballador necesítase facer un desprazamento fora da provincia, concederáselle dous días naturais máis.
- e) Cinco días naturais no suposto de enfermidade grave de cónxuxe ou fillos e Tres días naturais no suposto de enfermidade grave de pais, avós, irmáns, netos, irmans políticos e pais políticos, circunstancia que deberá ser xustificada feacemente.

No referente a este apartado poderán solicitarse datas de disfrute dentro dun período de dez días que inclúa a data do feito causante.

As referencias que tanto no apartado c) coma no e) se fai ao cónxuxe, referiranse tamén ao compañeiro/a en situación estable, sempre que a acreditación de dita situación sexa anterior a solicitude de calquera licencia.

- f) Dous días naturais no suposto de traslado de domicilio.
- g) O tempo necesario nos casos de asistencia a consulta médica de especialistas da Seguridade Social, cando coincida o horario de consulta co traballo prescribíbase dita consulta polo facultativo de medicina xeral, debendo presentar previamente o traballador na empresa o volante xustificativo da referida prescripción médica. Nos demais casos, ata o límite de 22 horas o ano.
- h) O tempo necesario para a realización de exames coa correspondente comunicación previa e posterior xustificación.
- i) O tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal. Cando conste unha norma legal ou convencional un período determinado, estarase o que dispoña en canto a duración da ausencia e a súa compensación económica.
- j) Todo traballador/a que por orden médica teña que facer calquera tipo de rehabilitación nun centro de saúde, disporá do tempo necesario, entendéndose que as sesións de rehabilitación serán sempre no mesmo horario.
- k) Un día natural no caso de matrimonio de fillos e irmáns.
- l) Un día natural polo falecemento dun parente de terceiro grado (tío, tío político, etc.).
- m) O tempo necesario para acompañar os fillos menores de idade o médico.

ARTIGO 18. – LICENCIAS NON RETRIBUIDAS

Os traballadores terán dereito a licencias non retribuídas pero que deberán ser debidamente xustificadas nos casos seguintes:

- a) Enfermidade grave de parentes.
- b) Ata sete días naturais por necesidades persoais xustificadas.
- c) Os traballadores que teñan unha antigüidade maior de cinco anos, poderán solicitar unha licencia sen salario por un período máximo de 11 meses (tempo sabático) cando o mesmo teña por obxecto a formación persoal ou o desenvolvemento profesional do traballador.

ARTIGO 19. – CAPACIDADE DIMINUÍDA

Todos aqueles traballadores que por accidente de traballo ou enfermidade profesional, con redución das súas facultades físicas e intelectuais, sufran unha capacidade diminuída, terán preferencia para ocupar postos máis aptos, en relación as súas condicións, que existan na Empresa, sempre que teñan aptitude e idoneidade para o novo posto.

ARTIGO 20. – VACACIÓNS

Os traballadores/as afectados polo presente convenio, disfrutaran de trinta días de vacacións ininterrompidas entre os meses de xuño e setembro, ámbolos dous inclusive. O calendario de vacacións fixarase a principios de ano no calendario de turnos, para o seu coñecemento polos traballadores/as.

O persoal poderá percibir como anticipo, na nómina correspondente do mes anterior o disfrute, ata o 50% do salario correspondente ao período de vacacións, debendo solicitálo por escrito con antelación suficiente.

Todo o persoal que antes ou durante o período de vacacións estea en situación de I.T. terá dereito ao disfrute das mesmas.

O pago das mesmas será o mesmo que o cadro retributivo do SERGAS incluíndo as melloras que puideran ter.

Terán dereito a días de vacacións adicionais o persoal que teña unha determinada antigüidade e sempre en base á seguinte táboa:

10 anos de servizo	1 día
20 anos de servizo	2 días
25 anos de servizo	3 días
30 anos de servizo	4 días

As normas de aplicación serán as establecidas no apartado correspondente da lei en cuestión.

As substitucións da plantilla que executa o servizo no podrá realizarse con subcontratas.

Os turnos de traballo do persoal sustituto adaptaranse para cubrir a totalidade dos días de vacacións do persoal a substituír e para que estos realicen as horas correspondentes a onceaba parte da xornada anual cada mes independentemente do turno a substituír.

ARTIGO 21.—PRENDAS DE TRABALLO

A empresa dotará ó persoal, como mínimo anualmente, de dúas prendas de traballo (dúas camisas, dous pantalóns, dúas chaqueteiras e un buzo). Entregarase así mesmo un par de zapatos, e cada dous anos un par de botas de seguridade, cada catro anos un chaquetón de abrigo e así mesmo a empresa dotará de roupa de auga ao persoal que a necesite.

As prendas de traballo (camisas, pantalóns e chaqueteiras) terán unha composición adecuada as tarefas que se realicen como marca a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

A entrega de roupa e calzado efectuarase nos meses de xaneiro do mesmo ano.

A empresa terá obriga da limpeza da roupa.

A firma deste convenio todo os traballadores que o necesiten dispoñen de gafas de seguridade graduadas, establecéndose a súa substitución con cargo a empresa no caso de deterioro polo normal uso das mesmas.

O persoal sustituto entregaranselle un xogo completo cuxa duración será de 12 meses acumulables según os periodos de substitución que se realicen por parte de dito traballador.

ARTIGO 22.—SEGURO COLECTIVO

A empresa contratará un seguro colectivo de accidentes, aboando o importe íntegro das primas, debendo cubrir a póliza a seguinte contía mínima de indemnizacións:

- Accidente laboral ou común co resultado de morte: 18.000 Euros.
- Enfermidade profesional, accidente laboral ou común co resultado de Invalidez Total ou Absoluta: 24.000 Euros.
- Accidente laboral ou común co resultado de Gran Invalidez: 28.000 euros.

ARTIGO 23.—LIQUIDACIÓN POR CESE

A empresa concederá ós traballadores que, tendo a idade que de seguido se indica, causen baixa na Empresa por propia vontade:

Os 61 anos:	4 meses de vacacións.
Os 62 anos:	3 meses de vacacións.
Os 63 anos:	2 meses de vacacións.
Os 64 anos:	1 mes de vacacións.

ARTIGO 24. – XUBILACIÓN

Sera de aplicación a lexislación vixente en cada momento.

A empresa deberá contratar simultaneamente no lugar do xubilado a outro traballador/a que sexa titular do dereito a calquera das prestacións económicas de desemprego e que veña realizando habitualmente substitucións da plantilla adscrita o servizo de Mantemento do Hospital Mexoeiro de Vigo.

ARTIGO 25. – XUBILACIÓN PARCIAL

Sera de aplicación o establecido no acordo colectivo do plan de xubilación firmado o día 27/03/2013 entregado por rexistro a Xunta de Galicia.

A solicitude deberase remitir á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data prevista de xubilación parcial. A empresa estudará a solicitude de boa fe, coa vista posta nun acordo coa parte solicitante e, en todo caso, responderá nun prazo máximo de trinta días. Nos casos de discrepancia entre as partes, remitirase a cuestión á Comisión Paritaria, que resolverá no ámbito das súas funcións e no prazo máximo de trinta días.

Dada a particularidade da actividade da empresa e as súas prestacións de servizos a entidade públicas o que implica que poida haber cambios de titularidade na adxudicación do servizo que se contrata, e tendo en conta que opera a Subrogación Empresarial, a empresa entrante ten a obriga de manter as condicións persoais e laborais que no seu día se houberen pactado coa empresa saínte, tales como: xornada a reducir, distribución da xornada ou pagamento de salario.

Asemade a empresa saínte comprométese a facilitar toda a documentación referente a estes traballadores, especificando caso por caso as condicións de cada traballador.

O 15% da xornada que corresponde de traballo efectivo acumularase nos meses inmediatamente seguintes a xubilación parcial e a xornada completa, aínda cando a empresa poida optar por retribuíren sen exisír a cambio a prestación efectiva dos servizos e sen prexuízo da ampliación da seguinte escala de bonificacións.

www.cigservizos.org

Con trinta anos ou máis de antigüedad do servizo, recoñécese una dispensa absoluta no traballo.

Con 20 anos de antigüedad do servizo e ata 30, recoñécese una dispensa do 75% do traballo.

Con 10 anos de antigüedad do servizo e ata 20, recoñécese una dispensa do 50% do traballo.

ARTIGO 26. – COMISIÓN PARITARIA

No momento da sinatura do presente Convenio constituirase a Comisión Paritaria do mesmo, que quedará composta polos asinantes tanto en representación da empresa como en representación dos traballadores.

As funcións desta Comisión Paritaria consistirán en vixiar e interpretar o cumprimento de cada un dos artigos que interveñen e constitúen a normativa do vixente convenio colectivo.

Os conflitos que puideran xurdir, e non estando de acordó as partes para solucionar as discrepancias existentes, poderán acudir os organismos administrativos ou xudiciais correspondentes, así como as disposicións contidas no A.G.A., para á solución extraxudicial de conflitos laboráis.

ARTIGO 27. – ACCIÓN SINDICAL

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente, os traballadores/as disfrutarán das seguintes garantías sindicáis:

- A empresa dará conta das novas contratacións que haxa os representantes dos traballadores/as.
- A empresa disporá dun taboleiro de anuncios no que poderá fixarse propaganda sindical a cal deberá axustarse ó disposto no E.T.

- Dentro das formalidades previstas no artigo 77 e seguintes do E.T. a empresa facilitará o exercicio e reunións informativas dentro da xornada laboral, empregando un máximo de dúas horas ó mes.
- Cada representante sindical disporá do crédito de horas sindicais fixadas no E.T. para o exercicio das súas funcións de representación. Neste crédito quedarán incluídas as horas destinadas a asistir as convocatorias sindicais, que en todo caso deberán ser correctamente realizadas. Non se computaran dentro deste crédito horario as reunións motivadas pola negociación colectiva coa empresa. Estas poderán ser acumulativas por trimestres naturais.
- Ante a imposición de sanción a un traballador derivada de falta moi grave, esta será oída coa antelación suficiente, tanto por parte do delegado sindical que corresponda a afiliación do traballador como así mesmo o Comité de Empresa, como fai referencia o artigo 55.1 do ET e o artigo 10.3.3 da LOLS.

ARTIGO 28.—ESTABILIDADE NO EMPREGO

Tódolos oficiáis de mantemento que prestaran servizo para a empresa durante un período superior a un ano pasarán a ter contrato de persoal fixo de Centro. Sen que esta circunstancia afecte ó persoal que estea realizando substitucións doutros traballadores con dereito a reserva do posto de trabado.

ARTIGO 29.—SAÚDE LABORAL

Estarase ó disposto no recollido na Lei de Prevención de Riscos Laborais e normativa de desenrolo da mesma.

A partires da firma do presente Convenio e cun prazo máximo de tres meses crearase un comité de saúde laborable prevención de riscos laborais co obxeto de promover e formar os traballadores/as nos temas de prevencións de riscos laborais así como dar a coñecer o labor dos delegados de prevención.

Dito comité, terá dereito a coñecer todo o relacionado coa prevención de riscos laborais (lease memorias, tanto de accidentes laborais coma de enfermidades comúns ou profesionais) e igualmente a coñecer os estudos realizados no que respecta a traballos tóxicos, penosos e perigosos.

Este comité, creado por dous membros por parte da Dirección e igual número pola representación dos traballadores terá pactado un regulamento de funcionamento propio e promoverá e preveerá todas aquelas actuacións que teñan que ver coa seguridade e hixiene no taballo.

ARTIGO 30.—NON Á DISCRIMINACIÓN

Homes e mulleres gozarán de igualdade de oportunidades en canto no emprego, formación, promoción e desenrolo no traballo. Respectando, en calquera caso, o principio de igual traballo, igual salario. Non se pode discriminar os traballadores/as por ser cargos sindicais, polo seu credo, político, relixión ou cor da pel.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Durante a vixencia do presente convenio pasarán a ter a categoría laboral de Condutores de Instalacións 1 profesional de Oficio do modo seguinte:

- 1 Conductor de Instalacións a firma do convenio.
- Os traballadores con contrato de relevo pasaran a ser conductores de instalacións unha vez finalice o tempo do relevo.
- Así mesmo, cando un traballador cause baixa na Empresa, pola causa que sexa e que teña a categoría de Conductor de Instalacións, a súa categoría repercutirá noutro traballador coa categoría de Profesional de Oficio con contrato indefinido ou por obra e servizo.
- Os traballadores con categoría de Conductor de Instalacións deberán ter contrato indefinido.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

En tódolos conceptos e melloras non recollidos neste Convenio Colectivo estarase equiparado co persoal do Sergas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCERA

Os traballadores eventuais afectados por este convenio terán preferencia para cubrir as vacantes que se xeneren durante a vixencia do presente convenio e de aplicación ó establecido polo Sergas.

Firma y DNI

Firma y DNI

Representantes Trabajadores

Representante Isolux Corsan Servicios S.A.

Vigo, a 12 de Agosto del 2013. — A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

2013007583**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA***ZONA HIDROGRÁFICA GALICIA CENTRO***A N U N C I O****EXPEDIENTE:** DH.A36.40923

ALUMINIOS PADRÓN, S.A., co CIF: A-15.313.752, solicita de Augas de Galicia un caudal de 1,71 litros/segundo de augas procedente dous (2) pozos no lugar de Campaña, parroquia de Campaña (Santa Cristina), no Concello de Valga (Pontevedra), con destino ao uso industrial. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Asemade, dásele publicidade á extinción do uso privativo por disposición legal do que é titular ALUMINIOS PADRÓN, S.A., clave DH.B36.8157, de acordo co disposto nos artigos 160 e ss. do Regulamento do dominio público hidráulico.

www.cigservizos.org*As características do aproveitamento son:*

Solicitante: ALUMINIOS PADRÓN, S.A. (CIF: A-15.313.752).
Caudal: 1,71 litros/segundo
Destino: Uso Industrial
Orixe: Dous (2) Pozos
Lugar: Coto
Parroquia: Campaña (Santa María)
Concello: Valga (Pontevedra)
Coord. UTM: (1) X: 517.682 Y: 4.723.135 (Parc.6001 Pol.10 C. Urbana)
(2) X: 517.665 Y: 4.722.203 (Parc.6001 Pol.10 C. Urbana).

Aproveitamento de dous (2) pozos de barrena para o abastecemento de ALUMINIOS PADRÓN, S.A. Ambos pozos están situados nas dependencias da empresa, na parcela 6001 polígono 10 (C. Urbana). Os pozos son de 30 e 40 m. de profundidade, e están provistos de bombas de impulsión de 1,5 e 3 CV respectivamente. Dos mesmos parten tubos de PE cara dous depósitos de acumulación cilíndricos de 30.000 litros de capacidade, dende os que se abastece a industria.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Valga ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño, número 16 - baixo, en Santiago de Compostela, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Santiago de Compostela, a 11 de setembro de 2013. — O Xefe do Servizo Territorial, Ángel Gómez Rey.

2013008265